

sobre o anteproxecto de
Lei de FUNDACIÓNS
de interese galego

APROBADO POLO PLENO O 17 DE DECEMBRO

www.ces-galicia.org

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 18 de novembro tivo entrada no Consello Económico e Social a solicitude de dictame, polo trámite de urxencia, do anteproxecto de Lei de Fundacións de interese galego, co obxecto de que este organismo emita o correspondente informe de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi enviado, con data 19 de novembro, ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente e á totalidade de membros do Consello da entrada de solicitude de dictame por trámite de urxencia.

3.- Con data 19 de novembro, o seu presidente convoca á Comisión sectorial nº2 para o 26 de novembro de 2004, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 3/04, acorda aprobar por unanimidade a proposta de dictame, con data 9 de decembro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ao Pleno do Consello, que na súa sesión 9/04, de 17 de decembro, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o Anteproxecto de Lei de Fundacións de interese galego.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto de Lei sometido a dictame desenvólvese en cincuenta e tres artigos, estruturados en nove títulos, cunha disposición derogatoria e dúas disposicións adicionais.

No que respecta ó contido do Anteproxecto sometido a dictame, os nove títulos dos que consta tratan sucesivamente de disposicións xerais, da constitución da fundación, do goberno da fundación, do réxime económico da fundación, do funcionamento e actividade da fundación, da modificación dos estatutos, fusión, escisión e extinción da fundación, do protectorado, do rexistro de fundacións e das fundacións do sector público de Galicia.

O primeiro Título, Disposicións xerais, ocúpase do obxecto da lei, concepto, réxime xurídico, fins e beneficiarios, regula así mesmo a adquisición de personalidade xurídica, denominación, domicilio e finaliza facendo referencia ás fundacións estranxeiras.

O Título II ocúpase da constitución das fundacións nos seus artigos 9 ao 14.

O Título III regula o goberno da fundación nos seus artigos 15 ao 25.

No Título IV, os artigos 26 a 30 desenvolven o réxime económico das fundacións, limitándose a intervención do protectorado ás actuacións máis significativas en materia de disposición do patrimonio da fundación, ou que incidan substancialmente naquel.

No Título V, nos artigos 31 a 37, regúlase o funcionamento e a actividade da fundación. A continuación, a lei regula a modificación dos estatutos, a fusión e a extinción da fundación (Título VI, artigos 38 a 43).

No Título VII, artigos 44 e 45, regúlase a institución do protectorado que, conferido á Xunta de Galicia, actuará velando polo adecuado cumprimento dos fins fundacionais, de acordo coa vontade do fundador e co establecido na lei.

O Título VIII trata do rexistro de fundacións nos seus artigos 46 a 50, cunha enumeración dos principios rexistrais e os actos inscribíbles, establecéndose a ins-

crición con carácter obrigatorio no Rexistro de Fundacións de Interese Galego para aquelas que principalmente desenvolvan as súas actividades na Comunidade Autónoma, ou teñan aberta delegación nela.

Conclúe a lei co Título IX, referido ás fundacións do sector público de Galicia. Trátase de fundacións, de titularidade pública, pero suxeitas a un réxime de dereito privado.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente a elaboración do Anteproxecto de Lei de Fundacións de interese galego, no senso de que esta técnica lexislativa permite establecer un marco normativo de referencia único que axiliza e facilita a súa utilización e análise.

2.- Resulta obrigado manifestar de novo que o prazo requirido no trámite de urxencia para a emisión de Dictame implica unha celeridade na análise deste Anteproxecto que vai en detrimento do resultado esperado do labor consultivo do Consello.

Así mesmo, o CES considera que a solicitude de trámite de urxencia dos dictames débese especificar no momento da entrada neste Consello da norma a dictaminar, e non, como neste caso, con posterioridade á mesma.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- O **artigo 2** do anteproxecto de lei sometido a dictame expón o concepto de fundación.

Co obxecto de lograr unha maior coherencia, o CES entende que as fundacións domiciliadas fóra de Galicia poden ser clasificadas de “interese galego” sem-

pre que desenvolvan a súa actividade en Galicia, promovan os seus intereses ou a súa identidade cultural e lingüística ou que, por calquera outro título, teñan especial vinculación con Galicia.

2.- O artigo 4 do anteproxecto de lei obxecto de dictame regula os fins e beneficiarios das fundacións.

O CES entende que no **apartado 1** do citado artigo 4 se debería de substituír a referencia *“das vítimas do terrorismo e actos violentos”* pola máis xenérica de *“vítimas do terrorismo e acontecementos catastróficos”*, co fin de evitar problemas interpretativos

O CES considera que se debería de incluír como fin de interese xeral o fomento do desenvolvemento dos sectores productivos da nosa economía e a promoción de novas iniciativas empresariais.

3.- O artigo 16 do anteproxecto de lei sometido a dictame regula a composición do padroado.

O CES entende que se debería de engadir no **apartado 2** do artigo 16 o seguinte: *“(.) No suposto de seren varios (...) actuarán sempre mancomunadamente, salvo que os estatutos ou a acta de constitución da fundación mencione expresamente outro sistema de administración.”*

4.- O artigo 17 do anteproxecto de lei regula a capacidade de delegación e os apoderamentos.

Na última liña do **apartado 1.**, o CES entende que debería decirse *“autorización do protectorado”*, expresión tecnicamente máis correcta que *“aprobación do protectorado”*.

5.- O artigo 18 da normativa a dictame regula a capacidade dos patróns.

No **apartado 2.** deste **artigo 18**, o CES suxire que se engada, despois do punto e seguido: *“(..). Cando unha persoa incapacitada teña a condición de*

membro nato do padroado, actuará no seu nome o seu representante legal”.

O CES suxire tamén que, neste mesmo artigo, o **último parágrafo** se redacte nos seguintes termos:

“No suposto de que unha persoa xurídica sexa membro do padroado, se o seu representante neste foi designado por razón do seu cargo, a persoa física que a substitúa na titularidade do dito cargo substituiráa tamén, con carácter automático, como representante no padroado”.

6.- O artigo 21 do anteproxecto de lei sometido a dictame especifica as facultades e prohibicións dos patróns.

O CES entende que neste artigo se aprecian algunhas incoherencias:

- a) o título do artigo é *“Facultades e prohibicións dos patróns”*, pero non se regula prohibición ningunha.
- b) Númerase un apartado co número 1, cando non existen outros apartados.
- c) regúlanse dúas supostas obrigas, pero a segunda é unha facultad e non unha obriga.

Neste mesmo artigo 21, o CES estima que, nunha materia tan delicada como o outorgamento de contratos entre a fundación e os patróns, debería esixirse sempre a previa autorización do protectorado (como fai o artigo 28 da Lei 50/2002), entendendo que é insuficiente garantía o mero feito de dar conta inmediata ó dito protectorado.

7.- O artigo 24 do anteproxecto de lei regula a substitución, cesamento e suspensión do cargo de patróns.

O artigo 24 responde á aplicación xeral do artigo 18 da Lei 50/2002. Nembargantes, nos parágrafos d) e e) do seu **apartado 2**, incorre no erro material de referirse ós números 1 e 2 *“do artigo anterior”*, cando a referencia debe hacerse ó artigo 22.1.

8.- No que respecta ó alleamento e gravame, o **artigo 29** do anteproxecto de lei obxecto de dictame, no seu **apartado 6**, determina que se precisará a autoriza-

ción do protectorado para arrendamento de bens inmobles de duración superior a cinco anos.

O CES entende que a esixencia da citada autorización por parte do protectorado é desproporcionada e propón que sería suficiente coa comunicación polo padroado ó protectorado no prazo de 30 días hábiles antes da súa realización.

9.- O artigo 35 do anteproxecto de lei sometido a dictame regula o destino dos ingresos das fundacións.

O CES entende que na primeira liña do **apartado a)** debería substituírse a locución “*resultados netos*” pola de “*ingresos netos*”.

O CES considera que a limitación dos gastos de administración é reducida, polo que se propón que se sitúe no 25% dos ingresos. Por outra banda, o CES entende tamén que no **segundo parágrafo do apartado c)** do artigo 35, debería eliminarse o adverbio “*excepcionalmente*”.

10.- O artigo 36 do anteproxecto de lei sometido a dictame regula a contabilidade e auditoría das fundacións.

O CES entende que sería necesario establecer como complemento ó artigo 36, e despois do primeiro parágrafo, o compromiso de que por medio de desenvolvemento regulamentario, se determinen os sistemas, documentos e metodoloxía contable de carácter obrigatorio que deberán cumprilas fundacións; así como as circunstancias, supostos e requisitos que obrigarán a realizar una auditoría externa da contabilidade, fixando o alcance desta e o contido dos informes auditoriais.

11.- O artigo 40 do anteproxecto de lei que se dictamina regula a escisión.

O CES considera que, no **apartado 2** deste artigo, sería tecnicamente máis correcto dicir “*autorización previa do protectorado*”.

12.- O artigo 44 da normativa sometida a dictame regula o protectorado.

No **apartado 2, parágrafo e)** deste artigo alúdese ao suposto da “*agregación*”, que non aparece contemplado expresamente no Título VI do anteproxecto, aínda que ao tratar da escisión, no artigo 40, se menciona a “*segregación*”. Por este motivo, o CES considera que debería suprimirse o suposto de “*agregación*”, ou ben regular expresamente este concepto no Título VI, regulación que debería englobar como mínimo a súa definición e as condicións ou requisitos para a súa realización.

13.- No **artigo 51** do anteproxecto regúlase a creación das fundacións do sector público de Galicia.

Aínda que este artigo leva por título o de “Creación”, no mesmo regúlase tamén (**apartado 1**) a modificación, escisión ou extinción. O CES considera, en primeiro lugar, que existe unha omisión ao non incluírse o concepto de fusión e, en segundo lugar, entende que debería compaxinarse o título do dito precepto coa súa regulamentación concreta, mediante a introducción no título do artigo dos outros conceptos mencionados.

14.- O **artigo 52** do anteproxecto de lei de fundación de interese galego regula a contratación nas fundacións do sector público de Galicia.

O CES entende que as fundacións públicas que exerzan funcións públicas deben suxeitarse integralmente á lexislación de contratos das Administracións Públicas e non só aos seus principios.

Por outra banda, o CES considera que o sometemento á lexislación de contratos da Administración Pública aparece reflectido na Disposición Adicional 4ª do proxecto de Lei de Medidas Tributarias e de Réxime Administrativo que no seu momento foi dictaminado por este órgano consultivo, polo que se estima conveniente incluír no texto do presente anteproxecto sometido a dictame unha referencia expresa a dita modificación.

No que respecta ás actuacións en materia de persoal, o CES entende que debe de aparecer no texto que se está a dictaminar unha referencia expresa ó sometemento á lexislación da función pública cando se trate de establece-los criterios de selección de persoal das fundacións do sector público e non só unicamente aos principios básicos que regulan a mesma.

15.- Dentro do capítulo destinado á regulación das Fundacións do sector público galego, e dado que a actividade subvencional constitúe unha das máis importantes funcións asumidas polas fundacións públicas galegas, o CES entende necesario incorporar un precepto no que se declaren integramente aplicables os principios e procedementos subvencionais previstos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Neste senso, o CES considera necesario que o texto do anteproxecto obxecto de dictame inclúa unha mención expresa sobre o sometemento das fundacións á disposición adicional 16^a, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, disposición que ten carácter básico, así como ao artigo 14 da Lei de Medidas Tributarias e de Réxime administrativo dictaminado por este Consello (Dictame 7/04).

16.- O CES entende que debería establecerse, por medio dunha disposición transitoria, un prazo para que as fundacións existentes adapten os seus estatutos ao réxime xurídico que se establece na nova lei.

17.- Disposición Derrogatoria.

O CES entende que a Disposición Derrogatoria do anteproxecto de lei sometido a dictame emprega unha fórmula xenérica e que, en todo caso, debería derrogarse expresamente a lei 7/1983, do 22 de xuño, de Réxime das Fundacións de interese galego, modificada pola lei 11/1991, de 8 de novembro.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2004

Vº. e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Pablo Egerique Martínez

Asdo: Eliseo Sastre Serrano

ANEXO

ANTEPROXECTO DE LEI DE FUNDACIÓNS DE INTERESE GALEGO

ÍNDICE:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

TÍTULO II. CONSTITUCIÓN DA FUNDACIÓN.

TÍTULO III. GOBERNO DA FUNDACIÓN.

TÍTULO IV. PATRIMONIO DA FUNDACIÓN.

TÍTULO V. FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN.

TÍTULO VI. MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN E EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN.

TÍTULO VII. O PROTECTORADO.

TÍTULO VIII. O REXISTRO DE FUNDACIÓNS.

TÍTULO IX. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As fundacións constitúen unha das máis destacadas manifestacións da solidariedade humana que estiveron vinculadas historicamente aos conceptos de beneficencia e filantropía. O seu papel actual superou o estreito ámbito de operatividade que se lles asignaba tradicionalmente, para constituír unha parte fundamental do que se vén denominando “terceiro sector”, e que nas sociedades desenvolvidas e puxantes como a galega revelan un crecente protagonismo, sendo susceptibles de desempeñar un papel cada vez máis destacado.

Actualmente as fundacións afrontan o reto de constituír un nexa ou vínculo de unión entre o sector público e o sector privado, estando chamadas a desempeñar un papel esencial en sectores que tradicionalmente constituíron o seu obxecto, tales como o cultural, educativo e de asistencia social. Pero ademais xurdiron novas necesidades, como a defensa dos dereitos humanos, das vítimas do terrorismo así como doutros tipos de violencia, a promoción da investigación, o desenvolvemento das comunicacións, a defensa do ambiente, a cooperación internacional, e o estudo e impulso dos valores democráticos, que entre outros, constitúen materia de interese xeral propias do ámbito fundacional.

Durante os últimos anos, e especialmente desde a promulgación da Lei de fundacións de interese galego en 1983, o auxe das fundacións foi notable, ata o punto que hoxe España é un dos países con maior número de entidades deste tipo. O seu desenvolvemento foi propiciado por unha evolución paralela da normativa na materia, en particular as leis das Cortes Xerais do ano 2002, e as autonómicas recentemente promulgadas, que xunto coa aparición de novas figuras como as fundacións do sector público, suxeitas ao réxime de dereito privado, xera a necesidade de dotalas dun réxime xurídico que facilite o seu funcionamento e xestión en consonancia con estas novas necesidades. Por iso faise necesaria a promulgación dunha nova normativa que, afondando e desenvolvendo os fins e orientacións da anterior Lei de 1983, se adapte ao marco actual en que se desenvolven as fundacións en Galicia.

Esta nova Lei de fundacións de interese galego, desenvolvida en cincuenta e tres artigos, estrutúrase en nove títulos, cunha disposición derogatoria e dúas disposicións adicionais.

O título I, baixo a epígrafe de “Disposicións xerais”, ocúpase do obxecto da lei, concepto, réxime xurídico, fins e beneficiarios, regula así mesmo a adquisición de personalidade xurídica, denominación, domicilio, e finaliza facendo referencia ás fundacións estranxeiras. É de destacar o concepto de fundación como entidade constituída sen ánimo de lucro, no marco tradicional da nosa lexislación histórica, configurándose como un patrimonio adscrito a un fin de interese xeral, a favor de beneficiarios non determinados individualmente, e con posibilidade de creación por persoas, naturais ou xurídicas, públicas ou privadas. Seguidamente faise unha enumeración, descritiva, dos fins que pode perseguir unha fundación. Ampliase o obxecto fundacional dando cabida a unha combinación dos fins que constituíron o obxecto tradicional destas institucións, con outros que responden aos novos retos que presenta a sociedade de hoxe. Por outra parte, a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego configúrase como constitutiva e atributiva de personalidade xurídica, articulándose unha serie de regras ás que se debe axustar a denominación da fundación, con certa proximidade á regulación das entidades empresariais, a fin de evitar confusións ou actuacións que poidan inducir a erro. Por último, indicar que se establecen unha serie de requisitos exixibles ás fundacións estranxeiras para operar no ámbito da Comunidade Autónoma, como salvagarda fronte a posibles fraudes de lei.

O título II ocúpase da constitución das fundacións nos seus artigos 9 ao 14. Destaca a posibilidade de constitución por todo tipo de persoas, podendo realizarse por acto entre vivos, ou por causa de morte. Especial atención prestouse ao tema da dotación das fundacións; ben que non se pode estimar que estas se recollan simplemente como un patrimonio adscrito a un fin, por desempeñar a organización nelas unha función fundamental, non é menos certo que é imprescindible que as fundacións dispoñan dun patrimonio mínimo para iniciar a súa andaina e que poida auxiliar as súas necesidades orixinarias. Neste sentido estableceuse a exixencia de dotación inicial a trinta mil euros, autorizándose a Xunta de Galicia para modificar esta contía co fin da súa actualización, tendo en conta a depreciación do signo monetario. Artículanse así mesmo unha serie de formalidades respecto da acreditación das achegas pecuniarias e non pecuniarias, así como da súa valoración, establecéndose a obrigatoriedade de que o setenta por cento das rendas fundacionais se destine ao fin fundacional. Por último, establécense neste título unha serie de cautelas durante a etapa previa á constitución da fundación. En definitiva, búscase con estas disposicións evitar a creación de simples fundacións recadatorias incapaces de cumprir os fins para os que foron creadas. A diferenza doutras institucións do terceiro sector, como as de tipo asociativo, que poden desenvolver a súa actividade sen tales exixencias patrimoniais, estímase que as fundacións teñen que dispor duns medios económicos mínimos para satisfacer os fins de interese xeral que motivan a súa constitución.

O título III, regula o goberno da fundación nos seus artigos 15 ao 25. Ocúpase inicialmente da figura dos patróns, da súa caracterización, capacidade, requisitos da aceptación do cargo, a súa duración, así como a posibilidade da súa retribución. Admítase a delegación de facultades, agás previsión en contra dos estatutos, e sinálase o seu réxime xurídico e económico. É de destacar que a lei autoriza os patróns a súa actuación como directores, xestores ou administradores das fundacións ás que pertencen, así mesmo permítese que a xestión sexa realizada por persoas alleas á fundación. Trátase, indubidablemente, de dotar de maior eficiencia e dinamismo a xestión das fundacións, superando a súa configuración tradicional, favorecendo a súa profesionalización, e en definitiva adaptando o seu réxime de funcionamento ás demandas que presenta a sociedade actual.

No título IV, os artigos 26 a 30, desenvolven o réxime económico das fundacións, limitándose a intervención do protectorado ás actuacións máis significativas en materia de disposición do patrimonio da fundación, ou que incidan substancialmente naquel. No título V (artigos 31 a 37), regúlase o funcionamento e a actividade da fundación, subliñando a lei a autonomía económica e financeira das fundacións, que se deberán nutrir basicamente dos rendementos que proveñan do seu patrimonio ou das actividades desenvolvidas. Recóllese a posibilidade de realización de actividades mercantís polas fundacións, aínda que establecendo unha serie de cautelas e limitacións que condicionan o seu exercicio, tales como vinculación da actividade ao obxecto fundacional, destino dos rendementos obtidos aos fins fundacionais e exclusión de posibilidade de repartición de rendementos económicos derivados da súa actividade.

A continuación, a lei regula a modificación dos estatutos, a fusión e a extinción da fundación (título VI, artigos 38 a 43), mencionándose explicitamente a escisión. No título VII, artigos 44 e 45, regúlase a institución do protectorado que, conferido á Xunta de Galicia, actuará velando polo adecuado cumprimento dos fins fundacionais, de acordo coa vontade do fundador e co establecido na lei.

O título VIII trata do rexistro de fundacións nos seus artigos 46 a 50, cunha enumeración dos principios rexistrals e os actos inscribibles, establecéndose a inscrición con carácter obrigatorio no Rexistro de Fundacións de Interese Galego para aquelas que principalmente desenvolvan as súas actividades na Comunidade Autónoma, ou teñan aberta delegación nela.

Conclúe a lei cun título IX, referido ás fundacións do sector público de Galicia. Trátase de fundacións, de titularidade pública, pero suxeitas a un réxime de dereito privado; defínense, sinálase o seu réxime xurídico, e establécense os principios básicos aos que deben axustar a súa actuación en materia de contratación e

persoal, sinalándose un sistema de auditoría e control por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do Consello de Contas, a fin de efectuar un seguimento continuado das súas actividades atendendo á especial natureza da súa constitución.

En resumo, preténdese dotar as fundacións en Galicia, a través desta norma, dun instrumento que posibilite a súa actuación nunha sociedade en transformación, como institucións complementarias, que non competidoras, co sector público, e que están chamadas a desenvolver un papel fundamental fronte aos retos da sociedade do século XXI.

A súa articulación como medio de participación social, como fórmula de expresión de liberdade e compromiso de persoas e colectivos ante as novas tendencias, exige dotar a institución fundacional dun novo marco xurídico que lle permita desenvolverse plenamente. Con esta lei pretendemos que este obxectivo se poida cumprir e que na nosa Comunidade Autónoma as fundacións satisfagan cumpridamente as necesidades que demanda a moderna sociedade galega.

TÍTULO I

Artigo 1. Obxecto da lei

Esta lei ten por obxecto a regulación das fundacións de interese galego, de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto no art. 27.26 do seu Estatuto de autonomía.

Artigo 2. Concepto

1. Son fundacións as organizacións constituídas sen fin de lucro que, por vontade dos seus FUNDADORES, persoas naturais ou xurídicas, privadas ou públicas, teñen afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral en beneficio de persoas non determinadas individualmente

2. Son fundacións de interese galego aquelas que, reunindo os requisitos sinalados no número anterior, estean domiciliadas ou desenvolvan principalmente as súas funcións en Galicia, ou, estando domiciliadas fóra do Comunidade Autónoma de Galicia, sexan así clasificadas pola Xunta de Galicia.

3. No caso das fundacións que teñan por obxecto a consecución de fins de interese galego e nas cales concorran conxuntamente as características de desenvolver as funcións principalmente fóra da Comunidade Autónoma e non teñan o domicilio en Galicia, o fundador poderá encomendar á Xunta de Galicia tarefas concretas de salvagarda da súa vontade sempre que non sexan contrarias á normativa que resulte aplicable.

Artigo 3. Réxime xurídico.

As fundacións réxense pola vontade do fundador, polos seus estatutos e, en todo caso, pola lei.

Artigo 4. Fins e beneficiarios

1. As fundacións deberán perseguir fins de interese xeral, como poden ser: os de defensa dos dereitos humanos, das vítimas do terrorismo e actos violentos, asistencia social e inclusión social, cívicos, educativos, culturais, científicos, deportivos, sanitarios, laborais, de fortalecemento institucional, de cooperación para o desenvolvemento, de promoción do voluntariado, de promoción da acción social, de defensa do ambiente, e de fomento da economía social, de promoción e atención ás persoas en risco de exclusión por razóns físicas, sociais ou culturais, de promoción dos valores constitucionais e defensa dos principios democráticos, de fomento da tolerancia, de desenvolvemento da sociedade da información, ou de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico, e calquera outro fin de interese xeral de natureza análoga.

2. A finalidade fundacional debe beneficiar a colectividade xenérica de persoas. Terán esta consideración os colectivos de traballadores dunha ou varias empresas e os seus familiares.

3. En ningún caso se poderán constituír fundacións coa finalidade principal de destinar as súas prestacións ao fundador ou aos patróns, aos seus cónxuxes ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade, ou aos seus parentes ata o cuarto grao inclusive, así como a persoas xurídicas singularizadas que non persigan fins de interese xeral.

Artigo 5. Personalidade xurídica

1. As fundacións reguladas por esta lei son persoas xurídicas con plena capacidade xurídica para cumprir as súas finalidades, coas limitacións que lles impoñan a propia lei ou os seus estatutos, e terán personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública da súa constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A inscrición só poderá ser denegada mediante resolución motivada cando a escritura de constitución non se axuste ás prescricións da lei.

Artigo 6. Denominación

1. A denominación das fundacións axustarase ás seguintes regras:

a) Deberá figurar a palabra "Fundación", e non poderá coincidir ou semellarse de maneira que poida crear confusión con ningunha outra previamente inscrita no REXISTRO de Fundacións de Interese Galego.

b) Non poderán incluírse termos ou expresións que resulten contrarios ás leis ou que poidan vulnerar os dereitos fundamentais das persoas.

c) Non se poderá formar exclusivamente co nome de Galicia, de España, das demais comunidades autónomas ou das entidades locais, nin utilizar o nome de organismos oficiais ou públicos, tanto autonómicos, como supranacionais, estatais ou locais, salvo que se trate do propio das entidades fundadoras. Exceptúanse da aplicación desta alínea as fundacións reguladas no título IX desta lei.

d) A utilización do nome ou pseudónimo dunha persoa física ou da denominación ou acrónimo dunha persoa xurídica distintos do fundador deberá contar co seu consentimento expreso, ou, en caso de ser incapaz, co do seu representante legal.

e) Non se poderán adoptar denominacións que fagan referencia a actividades que non se correspondan cos fins fundacionais, ou induzan a erro ou confusión respecto da natureza ou actividade da fundación.

f) Observaranse as prohibicións e reservas de denominación previstas na lexislación vixente.

2. Non se admitirá ningunha denominación que incumpra calquera das regras establecidas no número anterior, ou conste que coincide ou se semella coa dunha entidade preexistente inscrita noutro rexistro público, ou cunha denominación protexida ou reservada a outras entidades públicas ou privadas pola súa lexislación específica.

Artigo 7. Domicilio

1. Deberán estar domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia as fundacións de interese galego que desenvolvan principalmente a súa actividade dentro do seu territorio.

2. As fundacións terán o seu domicilio no lugar onde se encontre a sede do seu padroado, ou ben no lugar en que desenvolvan principalmente as súas actividades.

As fundacións que se inscriban en Galicia para desenvolver unha actividade principal no estranxeiro, terán o seu domicilio estatutario na sede do seu padroado dentro do territorio da Comunidade Autónoma.

Artigo 8. Fundacións estranxeiras

1. As fundacións estranxeiras que exerzan a súa actividade principal no territorio da Comunidade Autónoma deberanse inscribir no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A fundación estranxeira que pretenda a súa inscrición deberá acreditar ante o rexistro de fundacións correspondente que foi validamente constituída de acordo coa súa lei persoal.

A inscrición poderase denegar cando non se acredite a circunstancia sinalada no parágrafo anterior, así como cando os fins non sexan de interese xeral de acordo co ordenamento autonómico.

3. As fundacións estranxeiras que incumpran os requisitos establecidos neste artigo non poderán utilizar a denominación de "Fundación".

4. As delegacións en Galicia de fundacións estranxeiras quedarán sometidas ao protectorado correspondente en virtude da súa clasificación.

TÍTULO II. CONSTITUCIÓN DA FUNDACIÓN.

Artigo 9. Capacidade para fundar

1. Poderán constituír fundacións as persoas físicas e as persoas xurídicas, sexan estas públicas ou privadas.
2. As persoas físicas requirirán de capacidade para dispor gratuitamente, inter vivos ou mortis causa, dos bens e dereitos en que consista a dotación.
3. AS PERSOAS XURÍDICAS REQUIRIRÁN O ACORDO EXPRESO DO ÓRGANO COMPETENTE PARA DISPOR GRATUITAMENTE DOS SEUS BENS DE ACORDO COS SEUS ESTATUTOS OU COA LEXISLACIÓN QUE LLES SEXA DE APLICACIÓN.
- 4.- As persoas xurídico-públicas terán capacidade para constituír fundacións, salvo que as súas normas reguladoras establezan o contrario.

Artigo 10. Modalidades de constitución

1. A fundación poderase constituír por actos "inter vivos" ou "mortis causa".
2. A constitución da fundación por acto "inter vivos" realizarase mediante escritura pública; e a constitución por acto "mortis causa" realizarase mediante testamento.
3. Se na constitución dunha fundación por acto "mortis causa" o testador se limitase a establecer a súa vontade de crear unha fundación e de dispor dos bens e dereitos da dotación, a escritura pública en que se conteñan os demais requisitos exixidos por esta lei será outorgada polo testamenteiro e, no seu defecto, polos herdeiros testamentarios. En caso de que estes non existisen, ou incumprisen esta obriga, a escritura será outorgada pola consellería onde resida o Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, logo de autorización xudicial.

Artigo 11. Escritura de constitución

A escritura de constitución dunha fundación deberá conter, polo menos, os seguintes extremos.

- a) Nome, apelidos, idade e estado civil do fundador ou fundadores, se son persoas físicas e a súa denominación ou razón social se son persoas xurídicas, e en ambos os casos, a súa nacionalidade e domicilio e número de identificación fiscal.
- b) A vontade de constituír unha fundación
- c) A dotación, a súa valoración e a forma e realidade da súa achega.
- d) Os estatutos da fundación, cuxo contido se axustará ás prescricións do artigo seguinte.
- e) A identificación das persoas que integran o padroado, así como a súa aceptación se se efectúa no momento fundacional.

Artigo 12. Estatutos

1.- Nos estatutos da fundación farase constar:

- a) A denominación da entidade
- b) Os fins fundacionais
- c) O domicilio da fundación e o ámbito territorial en que vai desenvolver principalmente as súas actividades
- d) As regras básicas para a aplicación dos recursos ao cumprimento dos fins fundacionais e para a determinación dos beneficiarios.
- e) A composición do padroado, as regras para a designación e substitución dos seus membros, as causas do seu cesamento, as súas atribucións, e a forma de deliberar e adoptar acordos.
- f) Calquera outra disposición e condición lícita que o fundador ou fundadores establezan.

2.- Toda disposición dos estatutos da fundación ou manifestación da vontade do fundador que sexa contraria á lei se terá por non posta, salvo que afecte a validez constitutiva daquela. Neste último caso, non procederá a inscrición da fundación no correspondente rexistro de fundacións.

Artigo 13. Dotación da fundación

1. A dotación, que poderá consistir en bens e dereitos de calquera clase, ten que ser adecuada e suficiente para o cumprimento dos fins fundacionais. Presumirase suficiente a dotación cuxo valor económico alcance os 30.000 euros.

Cando a dotación sexa de inferior valor, o fundador deberá xustificar a súa adecuación, xunto cun estudo económico que acredite a súa viabilidade utilizando exclusivamente estes recursos.

2. Se a achega é en diñeiro, poderase efectuar en forma sucesiva. En tal caso o desembolso inicial será, polo menos, do 25%, e o resto deberase facer efectivo nun prazo non superior a cinco anos, contados desde o outorgamento da escritura pública de constitución da fundación.

Se a achega non é en diñeiro, deberase incorporar á escritura de constitución a taxación realizada por un experto independente.

Nun e noutro caso, deberase acreditar ou garantir a realidade das achegas perante o notario autorizante, nos termos que regulamentariamente se establezan.

3. Aceptarase como dotación o compromiso de achegas de terceiros, sempre que esta obriga conste en títulos dos que levan aparelada execución.

4. Formarían tamén parte da dotación os bens e dereitos de contido patrimonial que durante a existencia da fundación acheguen en tal concepto o fundador ou terceiras persoas, ou que afecte o padroado, con carácter permanente, aos fins fundacionais.

5. En ningún caso se considerará dotación o simple propósito de recadar donativos

Artigo 14. Fundacións en proceso de formación.

1. Outorgada a escritura de constitución e en canto se proceda á súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Comunidade Autónoma de Galicia, o padroado da fundación, realizará, ademais dos actos necesarios para a inscrición, unicamente aqueles outros que resulten indispensables para a conservación do seu patrimonio e os que non admitan demora sen prexuízo para a fundación, os cales se entenderán automaticamente asumidos por esta cando obteña personalidade xurídica.

2. Transcorridos seis meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional sen que os patróns instasen a inscrición no correspondente Rexistro de Fundacións de Interese Galego, o protectorado procederá a cesar os patróns, que responderán solidariamente das obrigas contraídas en nome da fundación e polos prexuízos que ocasione a falta de inscrición.

Así mesmo, o protectorado procederá a nomear novos patróns, logo de autorización xudicial, que asumirán a obriga de inscribir a fundación no correspondente rexistro de fundacións.

TÍTULO III. GOBERNO DA FUNDACIÓN.

Artigo 15. Padroado

1.- En toda fundación deberá existir, coa denominación de padroado, un órgano de goberno e representación dela, que adoptará os seus acordos por maioría nos termos establecidos nos estatutos.

2.- Correspóndelle ao padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade.

Artigo 16. Composición do padroado.

1. O padroado é un órgano colexiado, que estará integrado, como mínimo, por tres membros, de entre os cales se elixirá un presidente, na forma que determinen os estatutos. Así mesmo, o padroado deberá nomear

ar un secretario, cargo que poderá recaer nunha persoa allea a aquel, neste caso terá voz pero non voto, e a quen corresponderá a certificación dos acordos do padroado CO VISTO E PRACE DO PRESIDENTE.

2. O fundador ou fundadores que sexan persoas físicas poderanse reservar con carácter vitalicio o exercicio de todas as competencias asignadas ao órgano de goberno da fundación. No SUPOSTO DE SEREN VARIOS OS FUNDADORES ENTENDERASE QUE ACTÚAN SEMPRES MANCOMUNADAMENTE.

Artigo 17. Delegación e apoderamentos.

1. Se os estatutos non o prohibisen, o padroado poderá delegar as súas facultades nun ou máis membros. Non son delegables a aprobación das contas e do plan de actuación, o alleamento e o gravame dos bens inmobles, das obras de arte e dos bens patrimoniais histórico-artísticos e documentais, así como os valores mobiliarios non cotizados en bolsa, a modificación dos estatutos, a fusión e a liquidación da fundación nin aqueles actos que requiran a aprobación do protectorado.

2. Os estatutos poderán prever a existencia doutros órganos para o desempeño das funcións que expresamente se lle encomenden, coas excepcións previstas no parágrafo anterior.

3. O padroado poderá outorgar e revogar poderes xerais e especiais, salvo que os estatutos dispoñan o contrario.

4. NO REXISTRO DE FUNDACIÓNS DE INTERESE GALEGO DEBERÁN INSCRIBIRSE OS NOMEAMENTOS E CESAMENTOS DOS MEMBROS DO PADROADO OU OUTROS ÓRGANOS, ASÍ COMO AS DELEGACIÓNS, OS APODERAMENTOS XERAIS E A SÚA REVOGACIÓN.

Artigo 18. Capacidade dos patróns.

1. Poderán ser membros do padroado da fundación tanto as persoas físicas como as xurídicas.

2. AS PERSOAS FÍSICAS NON PODERÁN ESTAR INHABILITADAS PARA O EXERCICIO DUN CARGO PÚBLICO. CANDO TEÑA QUE SER MEMBRO DO PADROADO UNHA PERSOA INCAPACITADA, ACTUARÁ NO SEU NOME O SEU REPRESENTANTE LEGAL.

3. As persoas xurídicas deberanse facer representar no padroado por unha persoa física.

4. O cargo de patrón que recaia en persoa física deberase exercer persoalmente. Non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro patrón designado por el. Esta actuación será sempre para actos concretos e deberase axustar ás instrucións que, se é o caso, o representado formule por escrito.

No suposto de que o membro do padroado sexa unha persoa xurídica, poderá actuar no seu nome quen fose chamado a exercer a función de patrón por razón do cargo que ocupase a persoa a quen corresponda a súa substitución.

Artigo 19. Aceptación

Os membros do padroado iniciarán a súa xestión despois de ter aceptado expresamente o cargo. Esta aceptación, que se inscribirá no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, terase que formalizar dalgún dos seguintes modos:

- a) Na propia carta fundacional ou en escritura pública separada.
- b) En documento privado con sinatura lexitimada por fedatario público.
- c) Mediante comparecencia realizada para o efecto no rexistro de fundacións.
- d) Perante o padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo secretario, CO VISTO E PRACE DO PRESIDENTE .

En todo caso, a aceptación notificaráselle formalmente ao protectorado e inscribirase no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 20. Duración do cargo de patrón.

O cargo de patrón pode ter unha duración temporal, indefinida, ou vitalicia, de conformidade co establecido para o efecto polo fundador na carta fundacional ou polo que dispoñan concretamente os estatutos.

Artigo 21. Facultades e prohibicións dos patróns

1. Os patróns están obrigados a:

a) Asistir ás reunións do padroado e velar pola legalidade dos acordos que se adopten.

b).- OS PATRÓNS PODERÁN CONTRATAR COA FUNDACIÓN, XA SEXA EN NOME PROPIO OU DUN TERCEIRO, DANDO CONTA INMEDIATA AO PROTECTORADO.

Artigo 22. Responsabilidade dos patróns

1. Os patróns deberán desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante legal.

2. Os patróns responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos, ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo, e os que proben que, non tendo intervido na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecendoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.

3. A acción de responsabilidade será emprendida, perante a autoridade xudicial e en nome da fundación:

a) Polo propio órgano de goberno da fundación, logo de acordo motivado deste, en cuxa adopción non participará o patrón afectado.

b) Polo protectorado, nos termos establecidos nesta lei.

c) Polos patróns disidentes ou ausentes, nos termos do número 2 deste artigo, así como polo fundador cando non fose patrón.

Artigo 23. Retribución

1. Os membros do padroado exercerán o seu cargo gratuitamente, sen que poidan percibir retribución polo desempeño das súas funcións. Non obstante terán dereito a ser resarcidos dos gastos debidamente xustificadas que lles irroque o desempeño do seu cargo.

2. Agás que o fundador dispuxese o contrario, o padroado poderá fixar unha retribución adecuada a aqueles patróns que presten á fundación servizos distintos dos que implica o desempeño das funcións que lles corresponden como membros do padroado, logo de autorización do protectorado.

Artigo 24. Substitución, cesamento e suspensión do cargo de patróns.

1. A substitución dos patróns producirase na forma prevista nos estatutos. Cando isto non fose posible, procederase de conformidade co disposto nesta lei, quedando facultado o protectorado, ata que a modificación estatutaria se produza, para a designación da persoa ou persoas que integren provisionalmente o órgano de goberno e representación da fundación.

2. O cesamento dos patróns dunha fundación producirase nos supostos seguintes:

a) Por morte ou declaración de falecemento, así como por extinción da persoa xurídica.

b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.

c) Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados membros do padroado.

d) Por non desempeñar o cargo coa dilixencia prevista no número 1 do artigo anterior, se así se declara en resolución xudicial.

e) Por resolución xudicial que acolla a acción de responsabilidade polos actos mencionados no número 2 do artigo anterior.

f) Polo transcurso do prazo de seis meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional sen ter instado a inscrición no correspondente rexistro de fundacións.

g) Polo transcurso do período do seu mandato se foron nomeados por un determinado tempo.

h) Por renuncia, que se poderá levar a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.

i) Polas causas establecidas validamente para o cesamento nos estatutos.

3. A suspensión dos patróns poderá ser acordada cautelarmente polo xuíz cando se emprenda contra eles a acción de responsabilidade.

4. A substitución, o cesamento e a suspensión dos patróns inscribíranse no correspondente rexistro de fundacións.

Artigo 25. Xestión da fundación

Agás que os estatutos establezan outra cosa, e dentro dos límites establecidos nesta lei, as fundacións poderán encomendar o exercicio da xerencia ou xestión, ou a realización doutras actividades en nome da fundación, a persoas físicas ou xurídicas con acreditada solvencia técnica ao respecto, coa remuneración adecuada ás funcións desempeñadas, cuxa contía se integrará nos gastos de administración da fundación.

TÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO DA FUNDACIÓN.

Artigo 26. Do patrimonio das fundacións.

O patrimonio da fundación está formado por todos os bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquiera a fundación con posterioridade á súa constitución, se afecten ou non á dotación.

Artigo 27. Administración e disposición do patrimonio.

A administración e disposición do patrimonio das fundacións correspóndelle ao padroado e farase de conformidade co establecido nos seus estatutos e con suxeición ao establecido nesta lei e nas demais disposicións aplicables.

Artigo 28. Titularidade do patrimonio.

Os bens ou dereitos que integran o patrimonio das fundacións deberán figurar ao seu nome e constar nos seus inventarios.

Os que sexan susceptibles de inscrición, inscribiranse nos seus rexistros correspondentes.

Os fondos públicos e valores mobiliarios deberánse depositar ao seu nome en establecementos financeiros.

Artigo 29. Alleamento e gravame.

1. O alleamento oneroso ou gratuíto, así como o gravame dos bens e dereitos que formen parte da dotación, ou estean directamente vinculados ao cumprimento dos fins fundacionais, requirirán a previa autorización do protectorado, que se concederá se existe xusta causa debidamente acreditada.

2. Enténdese que os bens e dereitos da fundación están directamente vinculados ao cumprimento dos fins fundacionais, cando esta vinculación estea contida nunha declaración de vontade expresa, xa sexa do fundador, do padroado da fundación ou da persoa física ou xurídica, pública ou privada que realice unha achega voluntaria á fundación, e sempre respecto dos bens e dereitos achegados.

Así mesmo, a vinculación a que se refire o parágrafo anterior poderase realizar por resolución motivada do protectorado ou da autoridade xudicial.

3. Os restantes actos de disposición daqueles bens e dereitos fundacionais distintos dos que forman parte da dotación ou estean vinculados directamente ao cumprimento dos fins fundacionais, incluída a transacción ou compromiso, e de gravame de bens inmoables, establecementos mercantís ou industriais, bens de interese cultural, así como aqueles cuxo importe, con independencia do seu obxecto, sexa superior ao 20 por 100 do activo da fundación que resulte do último balance aprobado, deberán ser comunicados polo padroado ao protectorado no prazo máximo de trinta días hábiles seguintes á súa realización.

O protectorado poderá exercer as accións de responsabilidade que correspondan contra os patróns, cando os acordos do padroado fosen lesivos para a fundación nos termos previstos na lei.

4. Os alleamentos ou gravames a que se refire este artigo faranse constar anualmente no rexistro de fundacións ao termo do exercicio económico. Do mesmo modo, inscribiranse no rexistro da propiedade ou no rexistro público que corresponda por razón do obxecto, e reflectiranse no libro inventario da fundación.

5. Será necesaria autorización previa do protectorado para aquelas operacións de venda de bens que

aínda non estando integrados na dotación impliquen a perda da xestión dunha empresa participada.

6. Tamén se precisará a autorización do protectorado para arrendamento de bens inmobles de duración superior a cinco anos.

Artigo 30. Herdanzas e doazóns

1. A aceptación de herdanzas polas fundacións entenderase feita sempre a beneficio de inventario. Os patróns serán responsables fronte á fundación da perda do beneficio de inventario polos actos a que se refire o artigo 1024 do Código civil.

2. A aceptación de legados con cargas ou doazóns onerosas ou remuneratorias e a repudiación de herdanzas, doazóns ou legados sen cargas será comunicada polo padroado ao protectorado no prazo máximo dos dez días hábiles seguintes, podendo este exercer as accións de responsabilidade que correspondan contra os patróns, se os actos do padroado fosen lesivos para a fundación, nos termos previstos nesta lei.

TÍTULO V. FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN.

Artigo 31. Réxime de actuación das fundacións.

As fundacións deberán proceder na súa actuación de acordo cos seguintes criterios:

1. Destinar os rendementos da dotación e ingresos que por calquera título obteñan ao cumprimento do fin fundacional, como mínimo, na porcentaxe que sinala a lei.
2. Difundir e informar sobre os seus fins e actividades
3. Actuar con criterios de transparencia, obxectividade e imparcialidade na selección dos seus beneficiarios.
4. Respetar o código de conduta das entidades sen ánimo de lucro para a realización de investimentos temporais.

Artigo 32. Funcionamento.

A organización, funcionamento e réxime de adopción de acordos das fundacións axustarase ao disposto nos seus estatutos e, se é o caso, nas normas de réxime interno que para o efecto aprobasen os seus órganos de goberno, con suxeición ao preceptuado no ordenamento xurídico vixente.

Artigo 33. Financiamento.

A fundación poderase financiar por calquera medio lícito

1. A fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, deberase financiar primordialmente cos rendementos que proveñan do seu patrimonio e, se é o caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións, doazóns, herdanzas e legados, realizados por persoas físicas ou xurídicas, sexan estas públicas ou privadas.

2. As fundacións poderán desenvolver actividades económicas cuxo obxecto estea relacionado cos fins fundacionais ou sexan complementarias ou accesorias destas, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

Ademais, poderán intervir en calquera actividade económica a través da súa participación en sociedades, de acordo co previsto nos seguintes puntos.

3. As fundacións poderán participar en sociedades mercantís nas cales non se responda persoalmente das débedas sociais. Cando esta participación sexa maioritaria deberán dar conta ao protectorado en canto esta circunstancia se produza.

4. Se a fundación recibise por calquera título, ben como parte da dotación inicial, ben nun momento posterior, algunha participación en sociedades nas cales deba responder persoalmente das débedas sociais deberá

allear esta participación salvo que, no prazo máximo dun ano, se produza a transformación de tales sociedades noutras nas cales quede limitada a responsabilidade da fundación

Artigo 34. Obtención de ingresos.

As fundacións poderán obter ingresos polas súas actividades ou actuacións sempre que estas non impliquen unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios, non sexan contrarias á vontade fundacional e os ditos ingresos se reinvestan na satisfacción dos fins fundacionais.

Artigo 35. Destino dos ingresos das fundacións.

As fundacións aplicarán os ingresos netos que obteñan, por calquera título ou causa, logo de dedución de impostos, de acordo coas seguintes porcentaxes:

- a) O 70 por 100 dos resultados netos destinaranse á realización dos fins fundacionais, debendo ser aplicados no prazo máximo de catro exercicios económicos a partir do momento da súa obtención, sendo o inicial o seguinte a aquel en que se xeraron.
- b) O 30 por 100 restante destinarase ao incremento da dotación fundacional co fin de garantir unha adecuada capitalización. SEN NECESIDADE NESTE CASO DE ELEVAR A ESCRITURA PÚBLICA?.
- c) Os gastos de administración, incluídos os que poidan xerar os patróns no desenvolvemento das súas actividades fundacionais, non poderán superar o 20 por 100 dos ingresos obtidos no exercicio das súas actividades. Excepcionalmente o protectorado poderá autorizar gastos superiores aos establecidos no parágrafo anterior, logo de solicitude do padroado debidamente motivada e sen que, en ningún caso, o seu importe total sexa superior en cada exercicio á contía destinada ao cumprimento dos fins fundacionais.

Artigo 36. Contabilidade e auditoría.

As fundacións terán que levar unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade, de forma que permita un seguimento cronolóxico das operacións realizadas, dispoñendo para o efecto dun libro diario e un libro de inventarios e contas anuais: balance, conta de resultados e memoria de actividades e económica na cal se reflectirá o grao de cumprimento dos fins. Estarán suxeitas a unha auditoría externa, nos casos e nos termos establecidos pola vixente normativa estatal en materia fiscal e de fundacións.

O presidente, ou a persoa que conforme os estatutos da fundación, ou o acordo adoptado polo seu órgano de goberno corresponda, formulará as contas anuais, que deberán ser aprobadas no prazo de máximo de seis meses desde o cerramento do exercicio polo padroado da fundación e remitidas ao protectorado para o seu coñecemento, no prazo de 30 DÍAS HÁBILES.

Artigo 37. Plan de actuación.

O padroado elaborará e remitiralle ao protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos e as actividades que se prevexa desenvolver durante o exercicio seguinte.

TÍTULO VI. MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS. FUSIÓN, ESCISIÓN E EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN.

Artigo 38. Modificación dos estatutos.

1. O padroado poderá acordar a modificación dos estatutos da fundación sempre que resulte conveniente en interese desta, salvo que o fundador o prohibise.

2. Cando as circunstancias que presidiron a constitución da fundación variasen de maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente de acordo cos seus estatutos, o padroado deberá acordar a modificación destes, agás que para este suposto o fundador prevea a extinción da fundación.

3. Se o padroado non dá cumprimento ao previsto no número anterior, o protectorado requirirao para que o cumpra, solicitando en caso contrario da autoridade xudicial que resolva sobre a procedencia da modificación dos estatutos requiridos.

4. A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo padroado TERÁ QUE SER FORMALIZADA EN ESCRITURA PÚBLICA e comunicáraselle ao protectorado, que só se poderá opor por razóns de legalidade e mediante acordo motivado, no prazo máximo de tres meses contado desde a citada notificación. O protectorado poderá comunicar en calquera momento dentro deste prazo e de forma expresa a súa non oposición á modificación ou nova redacción dos estatutos.

Artigo 39. Fusión.

1. As fundacións, sempre que non o prohibise o fundador, poderán fusionarse logo de acordo dos respectivos padroados, QUE SE ELEVARÁ A ESCRITURA PÚBLICA e se lle comunicará ao protectorado.

2. A fusión requirirá o ACORDO DOS RESPECTIVOS PADROADOS, o outorgamento de escritura pública, a COMUNICACIÓN AO PROTECTORADO e a inscrición no correspondente rexistro de fundacións. A escritura pública conterá os estatutos da fundación resultante da fusión, así como a identificación dos membros do seu primeiro padroado.

3. O protectorado poderase opor á fusión por razóns de legalidade e mediante acordo motivado, no prazo máximo de tres meses contados desde a notificación a este dos respectivos acordos das fundacións interesadas. O protectorado poderá comunicar en calquera momento dentro deste prazo e de forma expresa a súa non oposición ao acordo de fusión.

4. Cando unha fundación resulte incapaz de alcanzar os seus fins, o protectorado poderá requirila para que se fusione con outra de análogos fins que manifestase ante o protectorado a súa vontade favorable á dita fusión, sempre que o fundador non o prohibise. Fronte á oposición daquela, o protectorado poderá solicitar da autoridade xudicial que ordene a referida fusión.

Artigo 40. Escisión.

1. A escisión ou creación doutra ou outras fundacións mediante a segregación dunha parte ou de varias partes do seu patrimonio, que se transmite a outra ou outras fundacións, exige que non conste a vontade contraria do fundador e que se xustifique a súa conveniencia e conformidade cos fins da fundación que sofre a escisión.

2. A escisión tense que adoptar por acordo motivado dos padroados respectivos e require a aprobación previa do protectorado.

3. A escisión tense que formalizar en escritura pública e tense que inscribir no rexistro de fundacións.

Artigo 41. Causas e formas de extinción

1. A fundación extinguirase:

a) Cando expire o prazo polo que foi constituída

b) Cando se realizase integramente o fin fundacional

c) Cando sexa imposible a realización do fin fundacional, sen prexuízo do disposto nos artigos 38 e 39 desta lei.

d) Cando así resulte da fusión a que se refire o artigo anterior

e) Cando concorra calquera outra causa prevista no acto constitutivo ou nos estatutos

f) Cando concorra calquera outra causa establecida nas leis

2. No suposto do 1 a) a fundación extinguirase de pleno dereito

3. Nos supostos das alíneas b, c, e e, a extinción da fundación requirirá acordo do padroado ratificado polo protectorado. Se non houberse acordo do Padroado ou este non fose ratificado polo protectorado, a extinción da fundación requirirá resolución xudicial motivada, que poderá ser instada polo protectorado ou polo padroado, segundo os casos.

4. No suposto da alínea f) requirirase resolución xudicial motivada.

5. O acordo de extinción ou, se é o caso, a resolución xudicial, inscribíranse no correspondente rexistro de fundacións.

Artigo 42. Destino dos bens en caso de extinción.

No caso de extinción da fundación os seus bens IRÁN DESTINADOS ÁS FUNDACIÓNS OU ENTIDADES PRIVADAS NON LUCRATIVAS QUE O FUNDADOR DESIGNASE NESTA PREVISIÓN OU, SE É O CASO, QUE DETERMINE O PADROADO, SE O FUNDADOR LLE OUTORGOU ESTA FACULTADE. CANDO NON EXISTA PREVISIÓN NESTE SENTIDO NOS ESTATUTOS destinaranse a institucións públicas ou, subsidiariamente, privadas, do municipio, provincia ou da comunidade autónoma, que para o efecto determine o protectorado.

Artigo 43 Liquidación.

1. A extinción da fundación, agás no suposto de extinción por fusión OU escisión, determinará a apertura do procedemento de liquidación, que deberá ser realizada polo padroado co control e asesoramento do protectorado, ao que se lle deberá dar conta das actuacións levadas a cabo.

2. O órgano de liquidación deberá realizar as seguintes actuacións: confección do inventario e balance de situación da fundación na data de inicio do procedemento de liquidación; finalización das operacións de xestión que estaban iniciadas ao se acordar a extinción; novas operacións de xestión que se deban levar a cabo coas limitacións previstas; cobramento de créditos pendentes, cancelación de débedas cos acredores de todo tipo e pola orde de prelación establecida, e calquera outra que sexa conveniente ou necesaria para os interesados no procedemento.

3. O protectorado poderá solicitar do órgano de liquidación información periódica do proceso e información adicional da documentación facilitada, debendo impugnar perante o xuíz ou tribunal competente os actos de liquidación que considere contrarios ao ordenamento ou aos estatutos, logo de requirimento de subscripción nos casos en que caiba esta posibilidade.

4. O haber que resulte da liquidación adxudicáraselles ás fundacións ou entidades privadas non lucrativas que designase o fundador ou que determine o padroado se o fundador lle outorgou esta facultade. Na falta de estipulación por parte do fundador ou cando as entidades designadas non reúnan os requisitos exixidos, a decisión corresponderalle ao protectorado, logo de petición de informe ao padroado.

As fundacións ou entidades mencionadas no parágrafo anterior deberán ter afectados con carácter permanente os seus bens, dereitos e recursos ao cumprimento de fins de interese xeral, mesmo para o suposto da súa extinción ou disolución.

5. Aprobadas as actuacións de liquidación polo padroado e efectuada a adxudicación do haber resultante dela, o protectorado verificará as cancelacións e as inscricións que procedan no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

TITULO VII. O PROTECTORADO.

Artigo 44. O protectorado.

1. O protectorado velará polo correcto exercicio do dereito de fundación e pola legalidade da constitución e funcionamento das fundacións e será exercido pola Xunta de Galicia

2. Son funcións do protectorado:

- a) Velar polo efectivo cumprimento dos fins de cada fundación e a salvagarda do interese galego.
- b) Levar o Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, así como os rexistros auxiliares.
- c) Asesorar as fundacións que se encontren en proceso de constitución, e as xa inscritas sobre o seu réxime xurídico, económico – financeiro e contable, así como sobre calquera cuestión relativa ás actividades desenvolvidas por elas.
- d) Verificar se os recursos económicos da fundación foron aplicados aos fins fundacionais.
- e) Promover e intervir nos procedementos de modificación, agregación, fusión, escisión ou extinción de fundacións.
- f) Promover perante os tribunais a acción de responsabilidade ou o cesamento dos membros do padro-

ado da fundación no caso de grave incumprimento das obrigas estatutarias ou disposicións desta lei. Poderán tamén solicitar a súa suspensión previa durante a tramitación do procedemento de remoción.

g) Asumir provisionalmente a xestión das actividades da fundación, cando non exista padroado, ou falten persoas chamadas a integralo, ou cando se acorde a intervención da fundación polas causas e cos requisitos previstos no artigo 24 este estivese suspendido nas súas funcións por decisión xudicial ou cando non se reunise durante dous exercicios consecutivos.

h) Impugnar os actos e acordos do padroado contrarios ao ordenamento xurídico vixente ou ao establecido nos estatutos polos que se rexan as fundacións.

i) Promover e ser parte de toda clase de procedementos relacionados con esta lei.

j) Tramitar e resolver os expedientes de autorización a que se refire esta lei.

k) Calquera outra función que se lle atribúa nesta lei e no ordenamento xurídico vixente.

3. Se o protectorado aprecia a existencia de indicios de ilicitude penal na actividade dunha fundación, procederá a remitir testemuño ao ministerio fiscal ou ao órgano xurisdiccional competente, comunicando esta circunstancia á fundación interesada.

Artigo 45. Recursos

Os acordos do protectorado suxeitos a dereito administrativo serán recorribles en vía administrativa e, se é o caso, ante a xurisdición contencioso-administrativa.

TÍTULO VIII. O REXISTRO DE FUNDACIÓNS.

Artigo 46. Rexistro de fundacións.

O Rexistro de Fundacións de Interese Galego será único para toda a Comunidade Autónoma Galega e estará adscrito á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Sen prexuízo da unidade a que se refire o punto anterior, o rexistro contará con tantas seccións como consellerías, en cada unha das cales se levará un rexistro auxiliar.

Artigo 47. Principios rexistrais

1. O rexistro é público. A publicidade dos actos inscritos farase efectiva por certificación dos asentos expedida polo funcionario do rexistro con competencia para o efecto, mediante simple nota informativa, copia dos asentos ou a través da súa consulta. Só as certificacións terán carácter de documento público.

Os documentos orixinais depositados e os arquivados poderán ser consultados logo de identificación do solicitante e acreditación do seu interese, sen que en ningún caso se poida estender a consulta aos datos que afecten a intimidade das persoas.

2. Os actos inscritos no rexistro presúmense válidos e o protectorado tomaraos en consideración para fundamentar as súas decisións. Respecto dos documentos depositados e dos arquivados que non causasen inscrición tan só se presumirá a súa regularidade formal.

3. Os actos suxeitos a inscrición no rexistro e non inscritos non prexudicarán a terceiros de boa fe. A boa fe do terceiro presúmese en canto non se probe que coñecía o acto suxeito a inscrición e non inscrito.

4. Todas as actividades rexistrais se poderán facer en calquera dos dous idiomas oficiais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Cando o rexistro encontre indicios racionais de ilicitude penal na constitución dunha fundación, ditará resolución motivada, dando traslado de toda a documentación ao Ministerio Fiscal ou ao órgano xurisdiccional competente, comunicando esta circunstancia á fundación interesada, quedando suspendido o procedemento de inscrición ata tanto recaia resolución xudicial firme.

Artigo 48. Actos inscribíbles.

No rexistro de fundacións tense que deixar constancia dos actos e os documentos seguintes:

- a) A carta fundacional.
- b) Os estatutos e os acordos de modificación.
- c) O nomeamento, a suspensión, o cesamento e a renuncia dos patróns e, se procede, dos liquidadores.
- d) As delegacións de facultades e os apoderamentos xerais.
- e) A constitución, a modificación, a fusión e escisión, e a extinción de fundacións.
- f) A prórroga de fundacións constituídas por un prazo determinado.
- g) A adquisición, alleamento, gravame e arrendamento de bens nos supostos establecidos nesta lei.
- h) A delegación das fundacións sometidas a outra lexislación que actúan en Galicia.
- i) Calquera outro que se estableza nesta lei, na súa normativa de desenvolvemento e no ordenamento xurídico vixente.

Artigo 49. Obrigatoriedade da inscrición

A inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego é obrigatoria para todas as fundacións que desenvolvan principalmente as súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia e para aquelas que teñan unha delegación aberta nela.

TÍTULO IX. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO DE GALICIA.

Artigo 50. Concepto

1. Enténdese por fundacións do sector público de Galicia aquelas nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se constituían cunha achega maioritaria da Administración autonómica de Galicia, os seus organismos públicos ou de calquera entidade do sector público autonómico.
- b) Que o seu patrimonio fundacional, de forma constante, estea integrado en máis dun cincuenta por cento por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas entidades citadas na alínea anterior.
- c) Que o control ou dirección dela corresponda sempre ás entidades sinaladas na alínea a) deste artigo.

2. As fundacións do sector público de Galicia son entidades de dereito privado, que se rexerán polo establecido neste título, no resto desta lei, no ordenamento aplicable ás fundacións e, subsidiariamente, polo dereito privado que lles sexa de aplicación.

Artigo 51.- Creación.

1. A creación de fundacións do sector público de Galicia, así como a súa modificación, escisión ou extinción deberá ser autorizada por acordo do Consello da Xunta.

2. O expediente de autorización comprenderá: unha memoria, que terá que ser informada pola Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, na cal, entre outros aspectos, se xustifiquen suficientemente as razóns polas que se considera que existirá unha mellor consecución dos fins de interese xeral perseguidos a través dunha fundación que mediante outras formas xurídicas, públicas ou privadas, establecidas na normativa vixente.

3. Tamén se deberá presentar unha memoria económica, que terá que ser informada pola Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 52. Contratación.

1. AS FUNDACIÓNS REGULADAS NESTE TÍTULO DEBERÁN AXUSTAR A SÚA ACTUACIÓN EN MATERIA DE PERSOAL E CONTRATACIÓN AOS PRINCIPIOS BÁSICOS QUE REGULAN A FUNCIÓN PÚBLICA E A CONTRATACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA LEI DE GALICIA 10/1996, DO 5 DE NOVIEMBRE, DE ACTUACIÓN DE ENTES E EMPRESAS NAS CALES TEN PARTICIPACIÓN MAIORITARIA A XUNTA DE GALICIA, EN MATERIA DE PERSOAL E CONTRATACIÓN.

2. Así mesmo, a súa contratación axustarase aos principios de publicidade, concorrência e obxectividade, salvo que a natureza da operación que se vaia realizar sexa incompatible con estes principios.

Artigo 53. Auditoría e control polo Consello de Contas.

1.As fundacións reguladas neste título estarán suxeita a auditoría externa que realizará sempre a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.Sen prexuízo do establecido no número anterior, as contas destas fundacións serán fiscalizadas polo Consello de Contas de Galicia, que terá que remitir un informe coas súas conclusións ao Parlamento de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta lei.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. Autorízase a Xunta de Galicia para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Segunda. Esta lei entrará en vigor ...

Dictame
8/04